

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA E DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE PUBLICAN OS CENTROS ADMITIDOS NO CONCURSO DE CURTAS DE ANIMACIÓN EN GALEGO ELABORADAS NO MARCO DO PROGRAMA NÓS TAMÉN CREAMOS! PARA O CURSO ACADÉMICO 2025/2026

Mediante unha resolución conxunta da Secretaría Xeral da Lingua, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, asinada o 16.10.2025, aprobáronse as bases e convocouse o concurso de curtas de animación en galego elaboradas no marco do programa Nós tamén creamos!, para o curso académico 2025/2026, destinado a centros de infantil e primaria de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Segundo o artigo 4 desta convocatoria, os centros de titularidade pública admitidos no programa Nós tamén creamos! do Plan Proxecta+ 2025/2026 quedan inscritos de oficio no concurso, de maneira que non necesitan presentar unha solicitude de participación.

Os outros centros de titularidade pública interesados dispuxeron dun mes de prazo para solicitar a súa participación, que finalizou o 21.11.2025.

Logo de finalizar o prazo establecido, RESOLVEMOS:

Publicar a listaxe de centros fóra do ámbito do Plan Proxecta que foron admitidos no concurso

CENTROS SOLICITANTES ADMITIDOS NO CONCURSO FÓRA DO ÁMBITO DO PLAN PROXECTA	
CÓDIGO DO CENTRO	NOME DO CENTRO
36014775	CEIP Plurilingüe de Guillarei
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro
32013521	CEIP Princesa de España
15021780	CEIP Plurilingüe de Bragade
15014465	CEIP Plurilingüe de Palmeira
15018343	CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera
15007400	CPI Ponte Carreira
15010058	CPI do Feal
36014799	EEl Vila Laura



Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

A directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

Judith Fernández Novoa

